

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o día vinte e un de novembro dous mil dezaoto, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

11/668 DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO POR ESTE CONCELLO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE OFICIAL SEPULTUREIRO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (INCLUÍDA NA OEP 2015).- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Director Xeral de Recursos Humanos, do 12 de novembro de 2018, na parte expositiva do cal se fai constar:

“Con data de 10 de febreiro de 2018 o Boletín Oficial da Provincia de Lugo publicou as Bases específicas para o acceso en propiedade a unha praza de oficial sepultureiro/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna (incluída na OEP 2015).

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión EXTRAORDINARIA E URGENTE celebrada o sete de xullo de dous mil quince, adoptou, entre outros, o seguinte acordo: 4/455 DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NAS/OS CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS TENENTAS/ES DE ALCALDE DELEGADAS/OS DE ÁREA, en cuxa parte dispositiva figura:

“PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local resérvase o exercicio das atribucións delegables seguintes:

a) aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo, así como a designación de membros integrantes dos tribunais de selección”

Para dar cumprimento ao acordo da Xunta de Goberno Local, referente á designación de membros de tribunais de selección.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na referida proposta e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilma. Sra. D.^a ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico (GMS); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMS); Ilma. Sra. D.^a MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 18x500110668

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 21-11-2018

Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilma. Sra. D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS); Ilmo. Sr. D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS) e o Ilmo. Sr. D. MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, **ACORDA** o nomeamento das seguintes persoas como tribunal cualificador para o acceso en propiedade a unha praza de oficial sepultureiro/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna (incluída na OEP 2015).

Presidente/a: Marta López Peña, funcionaria de carreira, A1, Concello de Lugo,
Suplente: Ana Isabel Saez Mancebo, funcionaria de carreira, A1, Concello de Lugo

Vogais:

- 1.- Serafín Saavedra Pajón, funcionario de carreira, C2, Concello de Lugo
Suplente: Gerardo Gayoso Somoza, funcionario de carreira, C2, Concello de Lugo
- 2.- Manuel Regueiro Sánchez, funcionario de carreira, A2, Concello de Lugo
Suplente: Julio Lamas Prado, funcionario de carreira, A2, Concello de Lugo
- 3.- Amparo Rubino Hermida, funcionaria de carreira, A2, Concello de Lugo
Suplente: Carmen Neira Vieito, funcionaria de carreira, A2, Concello de Lugo

Secretario: Justo Díaz Rodríguez, funcionaria de carreira, A1, Concello de Lugo
Suplente: María García Ferro, funcionaria A1 Habilitación Nacional, vicesecretaria do Concello de Lugo

O Servizo de Persoal procederá a tramitar a presente proposta ante os órganos municipais correspondentes.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excm. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e a do Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.